



1. Circuito (pegado á VG-20 á altura do río Lagares).
2. Punto de acceso ao circuito, secretaría, cámara de chamadas.
3. Saída 4. da VG-20. (o circuito encóntrase a 200 m.)
4. Zona de amplo aparcamento (a 250 m. do circuito)
5. Campo de fútbol "A Xunqueira" U.D.Comesaña

Para os que veñen dende fóra de Vigo, poden acceder pola circunvalación VG-20 e tomar a saída 4.

Coordenadas GPS: Long. 8,7655 W, Lat. 42,2020 N  
Dirección no navegador: Avd. de Ricardo Mella, 101-105  
Localización Google Eart: buscar por 42,2025 -8,7666



MAQUINARIA Y HERRAMIENTAS  
**MAHECON, S.L.**

**TROFEOS**



CHAPA Y PINTURA  
talleresman@hotmail.com  
C. de Sanín, 2 · Tel. 986 23 91 68  
S. Andrés de Comesaña · 36213 VIGO



**CONANP**  
Albañilería en General



COLABORAN:

**Necesítamoste para seguir adiante  
Faiate colaborador  
¡¡Faiate socio!!**

Club decano do atletismo galego  
Distinción ao Mérito Deportivo de Galicia 2015  
Placa de Bronce Real Orden Mérito Deportivo 2015  
Insignia de Ouro da Federación Galega de Atletismo  
Recoñecemento como Vigües Distinguido 2016



# 46° Memorial Belarmino Alonso de Campo a Través

Domingo, 23 de novembro do 2025, "Fase Zonal de Vigo do Deporte en Idade Escolar"

En Vigo, á beira do campo de fútbol "A Xunqueira", Molinos - San Andrés de Comesaña

## HORARIO DAS PROBAS

|       |                                |
|-------|--------------------------------|
| 10:15 | Sub-20/Sub-18 masculina        |
| 10:40 | Sub-20/Sub-18 feminina         |
| 11:00 | Sénior/Sub-23 masc. (Nacional) |
| 11:45 | Sénior/Sub-23 fem. (Nacional)  |
| 12:15 | Sub-16 (Cadete) masculina      |
| 12:35 | Sub-16 (Cadete) feminina       |
| 12:50 | Sub-14 (Infantil) masculina    |
| 13:05 | Sub-14 (Infantil) feminina     |
| 13:15 | Sub-12 (Alevín) masculina      |
| 13:25 | Sub-12 (Alevín) feminina       |
| 13:30 | Sub-10 (Benxamín) masculina    |
| 13:35 | Sub-10 (Benxamín) feminina     |

## Proba Nivel II (Nacional)



Organiza:  
Comesaña Sporting Club



Patrocina:

**CONCELLO DE VIGO**



## INSCRIPCIONS

Por internet (Modalidad Federada) <https://atletismorfea.es/user/login-registro> (antes das 20:00 do 18 de novembro).

Correo electrónico (Modalidad Xogade): [comesana@comesana.org](mailto:comesana@comesana.org) (antes das 20:00 do 18 de novembro).

Para máis información dirixirse a: [comesana@comesana.org](mailto:comesana@comesana.org)

Iniciada en 1978, é a competición de campo a través máis antiga de Galicia (sen ter en conta o Campionato galego). Nela réndese homenaxe a Belarmino Alonso, directivo do club falecido no ano 1977. Dende esta 46ª edición, continuamos no noso empeño de reivindicar un ano máis o recoñecemento e apoio económico dos estamentos oficiais que motive á élite do atletismo galego a participar, para que Galicia teña a proba de Campo a Través que por tradición lle corresponde.

**Entrega de Agasallos:** As **12:15 horas**, comezase coa entrega dos agasallos das catro primeiras carreiras. O resto entregaranse ao finalizar tódalas carreiras.

## Regulamento

**1º - O Comesaña Sporting Club**, organizará en Vigo o próximo día **23 de novembro**, co visto e prace da F.G.A. e o patrocinio do **Concello de Vigo**, máis a colaboración da **Deputación de Pontevedra e a Xunta de Galicia**, o **“46º Memorial Belarmino Alonso de Campo a Través”** en San Andrés de Comesaña, “Molinos”, á beira do campo de fútbol de “A Xunqueira”. **(Participación exclusivamente con licenza federativa para ás persoas nadas no 2010 ou antes.)**

Nas categorías Sub-16 e menores (Cadete, Infantil, Alevín e Benxamín), e baixo o patrocinio da **Xunta de Galicia**, celebrárase conxuntamente a **“Fase Zonal de Vigo do Deporte en Idade Escolar”** clasificatoria para os Ctos. Provinciais de Campo a Través do **Programa Xogade** (revisar regulamento xogade).

**2º -** O control oficial das carreiras correrá a cargo de membros do Comité Galego de Xuíces da FGA coa colaboración de persoal da entidade organizadora

**3º -** O horario de saída das carreiras será o seguinte:

| Hora  | Categoría                                             | Federado / Xogade                  | Distan.  | Percorrido (cir. = circuito)         |
|-------|-------------------------------------------------------|------------------------------------|----------|--------------------------------------|
| 10:15 | Sub-20/Sub-18 masculina                               | (2006/2007 e 2008/2009)            | 4.180 m. | 1 volta ao nº4, é 1 ao cir. Completo |
| 10:40 | Sub-20/ Sub-18 feminina                               | (2006/2007 e 2008/2009)            | 3.121 m. | 2 voltas ao cir. nº2, é 1 ao nº3     |
| 11:00 | Sénior/ Sub-23 masculina<br>Proba Nivel II (Nacional) | (2002 ou antes e 03/04/05)         | 8.750 m. | 4 voltas ao circuito completo        |
| 11:45 | Sénior /Sub-23 feminina<br>Proba Nivel II (Nacional)  | (2002 ou antes e 03/04/05)         | 7.040 m. | 2 voltas ao nº3, é 2 ao cir completo |
| 12:15 | Sub-16 (Cadete) masculina                             | (2010 e 2011, <b>2011 e 2012</b> ) | 2.020 m. | 1 volta ao cir. nº4                  |
| 12:35 | Sub-16 (Cadete) feminina                              | (2010 e 2011, <b>2011 e 2012</b> ) | 2.020 m. | 1 volta ao cir. nº4                  |
| 12:50 | Sub-14 (Infantil) masculina                           | (2012 e 2013, <b>2013 e 2014</b> ) | 1.530 m. | 1 volta ao cir. nº1, é outra ao nº2  |
| 13:05 | Sub-14 (Infantil) feminina                            | (2012 e 2013, <b>2013 e 2014</b> ) | 1.530 m. | 1 volta ao cir. nº1, é outra ao nº2  |
| 13:15 | Sub-12 (Alevín) masculina                             | (2014 e 2015, <b>2015 e 2016</b> ) | 933 m.   | 1 volta ao circuito nº2              |
| 13:25 | Sub-12 (Alevín) feminina                              | (2014 e 2015, <b>2015 e 2016</b> ) | 933 m.   | 1 volta ao circuito nº2              |
| 13:30 | Sub-10 (Benxamín) masculina                           | (2016 e 2017, <b>2017 e 2018</b> ) | 667 m.   | 1 volta ao circuito nº1              |
| 13:35 | Sub-10 (Benxamín) feminina                            | (2016 e 2017, <b>2017 e 2018</b> ) | 667 m.   | 1 volta ao circuito nº1              |

As voltas completas están medidas no punto de confluencia da cola de saída do circuito en sí, polo tanto a distancia de cada volta non é a mesma, posto que nas voltas intermedias non se fai cola de saída é ao facer a última volta non se fai o tramo que xunta o circuito á cola de saída, a entrada en meta así o require.




Circuito nº 1  
667 m.



Circuito nº 2  
933 m.



Circuito nº 3  
1.375 m.



Circuito nº 4  
2.020 m.

**4º -** As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as **20 horas do martes 18 de novembro**. Excepto aqueles da provincia de Pontevedra que queiran participar a través do **Programa Xogade** que deberá enviarse o documento excel cuberto o seguinte correo electrónico: [comesana@comesana.org](mailto:comesana@comesana.org), dentro do mesmo prazo.

**5º -** Para admitir as inscricións, deberase **ter dilixenciada licenza** federativa pola F.G.A. para a **tempada 2025**. Sub-16(Cadetes) e menores, a lo menos, estar dados de alta para a **tempada 2025/26**, en **Campo a Través do Programa Xogade por un club ou colexio da provincia de Pontevedra**. No caso das carreiras Sénior/Sub-23 masculina e feminina, admitiranse inscricións de atletas doutras comunidades autónomas e estranxeiros que teñan dilixenciada licenza federativa pola R.F.E.A. para a tempada 2025.

**6º -** Realizaranse clasificacións individuais **Sénior/Sub-23** como carreira absoluta (nadas **no ano 2005 ou antes**, consideraranse **coma Sénior**), e das categorías: **Sub-23, Sub-20, Sub-18, Sub-16 (Cadete), Sub-14 (Infantil), Sub-12 (Alevín) é Sub-10 (Benxamín)**.

**7º -** Nas carreiras **Sénior/Sub-23** de ámbolos dous sexos, outorgaranse os correspondentes trofeos, e compensacións en metálico en concepto de gastos de desprazamento e estancia, aos cinco primeiros postos (**400, 250, 125, 75 e 50 €**), e trofeos aos tres primeiros postos nas categorías: **Sub-23, Sub-20, Sub-18, Sub-16 (Cadete), Sub-14 (Infantil), Sub-12 (Alevín) e Sub-10 (Benxamín)**.

**8º -** Todos os números que no abdome portarán correctamente os atletas serán entregados polo club organizador no momento da confirmación, que se realizará como mínimo media hora antes do comezo de cada carreira, debendo os atletas respetar a publicidade impresa.

**9º -** Para poder participar, **en tódalas carreiras**, deberán pasar por Cámara de Chamadas **ata 15 minutos antes** da hora de saída fixada para a súa carreira.

**10º -** As reclamacións sobre a competición deberán ir dirixidas, verbalmente, ó xuíz arbitro da proba ata 30 minutos logo da publicación dos resultados

**11º -** Todo atleta participante estará cuberto, de acordo á regulamentación vixente, polos obrigados Seguros de Accidentes e de Responsabilidade Civil.

**12º -** O non previsto neste Regulamento, resolverase de acordo coas vixentes Normas de Competición da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

**13º -** O feito de inscribirse neste **46º Memorial Belarmino Alonso de Campo a Través**, implica a **total aceptación do preceptua do no presente regulamento**.

| PROMESA e SÉNIOR F/M |       |
|----------------------|-------|
| 1º clasificado/a     | 400 € |
| 2º clasificado/a     | 250 € |
| 3º clasificado/a     | 125 € |
| 4º clasificado/a     | 75 €  |
| 5º clasificado/a     | 50 €  |